

## REUNIÓN FUNCIÓN PÚBLICA-OOSS SOBRE O BUZÓN DE POSTOS DOS PROCESOS DERIVADOS DA LEI 20/2021

Santiago de Compostela 03/08/2022

Onte mantivemos unha xuntanza coa Dirección Xeral da Función Pública na que se pretendía expoñer e explicar algunhas cuestións do buzón remitido coas prazas incluídas nos procesos da Lei 20/2021.

### Buzóns dos Entes Instrumentais:

En primeiro lugar explican que **faltan por remitir estes buzóns**. Dixeron que o remitirían onte (non chegou). Entre outros o do **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, do que xa adianta que se **aceptaron 25 alegacións** de todas as presentadas polas catro OOSS, indicando tamén que hai catro ou cinco postos nos que hai variacións.

### Prazas de Medio Rural:

Sobre a situación das **prazas creadas en RPT** da Consellería no ano 2019, co fin de asumir a encomenda de incendios leva a cabo a través de **SEAGA** ata ese momento, entenden que non se produce subrogación das prazas na súa integridade e polo tanto consideran que as **prazas non cumpren o establecido na disposición adicional sexta**. Confirman que si é certo que hai moitas delas (**208**) que **si cumpren** a disposición **adicional oitava**. Isto é , aquel persoal que si ten esa relación temporal de antes do 01/01/2016 e que non ten unha interrupción maior de 3 meses, e que a súa vez no momento en que se fai a determinación da inclusión en oferta está ocupando unha praza vacante, de **igual grupo e categoría**. Salvando esta última circunstancia consideran que as demais prazas, non entran nin pola subrogación nin pola disposición oitava.

Están **dispostos a escoitar as alegacións** e o que teñamos que dicir os sindicatos, entendendo que é un **tema que non dan por pechado neste momento**. Mirarán as posibilidades de conformidade coa legalidade. Analizarán si hai algunha opción de integralos, si é que se cumpre a legalidade que marca a norma. Eles non o ven nestes momentos e por iso non están incluídas, o que si hai é o compromiso claro de que si esas prazas que agora se rexeitan por este motivo, **incluíranse todas elas na oferta de emprego ordinaria do ano 2022 polo sistema de concurso-oposición** similar ao que se recolle no **artigo 2 para as prazas da Lei 20/2022** (2016 a 2018).

Nos buzóns de prazas doutras consellerías hai menos problemas. Informásenos que se nos remitirá un novo documento coa resposta ás alegacións presentadas polas OOSS, aceptadas ou non, para facilitar a súa revisión e que non se reiteren cuestións xa avaliadas. Aportarán un documento aclarativo das cuestións que xeran confusión do buzón remitido a semana pasada.

No mes de **setembro** **habrá a constitución de grupos técnicos de traballo** para analizar as alegacións concretas presentadas que supoñan unha revisión individualizada por afectar a situacións particulares e non de carácter xeral.

## UGT CONSIDERA:

- Que o buzón ten unha labor moi minuciosa e detallada, pero entenderá Función Pública que non se pode revisar a táboa nun prazo de 4 ou 5 días. **Solicitamos**, polo tanto, un **aprazamento** da presentación das alegacións, en tanto que resulta imposible a comprobación de todas e cada unha das prazas. En resposta a esta cuestión **sitúa o novo prazo ata o día 9 de setembro**, admite que si fose necesaria a ampliación dese prazo o analizarían.
- **buzón xerou confusión**, en tanto que o de praza **CONVOCADA (CONSOLIDACIÓN/ESTABILIZACIÓN): NON**, levou a interpretación errónea por parte moitas persoas. Nos **entendemos que quere indicar que ao non estar convocada cumpre os requisitos do artigo 2 da Lei 20 e polo tanto procede a súa inclusión**. Cuestión que en resposta, nos **confirma que é así**.
- Atopamos **erros** dos que son exemplo a inclusión de prazas ocupadas no último concurso de corpos xerais, ou clasificacións non comprensibles, na columna de “corpo, escala, categoría” onde se se indica A3 e A4.
- **Sobre as prazas de Medio Rural:**
  - A **categoría IV-033**, que aparece coa indicación de estar convocadas en proceso de estabilización, solicitamos a súa **rectificación**, en tanto foron ofertadas en proceso de **acceso libre**, se non fose así solicitamos se nos aclare en que ope están ofertadas. En resposta **confirma** que son prazas de libre.
- **Prazas de SEAGA:**
  - A nosa proposta é que se **convoquen todas as prazas**, xa sexa pola disposición adicional **sexta ou a oitava**.
  - **UGT** considera que son prazas, sobre as que si ben non existe **subrogación** expresa, esta é **tácita**. Foron creadas no ano 2019, para dar cabida ás persoas que prestaban o servizo a través de SEAGA, correspondéndolles a inclusión por calquera das dúas disposicións.
  - De igual forma e aínda que non é obxecto da reunión de hoxe, recordamos que existe unha **sentenza firme que anulou a modificación do artigo 9 bis**, e que haberá que telo en consideración á hora do baremo.
  - O **argumento** esgrimido, durante a **negociación da OPE**, ao respecto de que se incluían todas as prazas e que se aplicaríase a **distribución xeográfica** para a concreción da disposición adicional oitava, **hoxe mudou** e clarifícase que **aquelas que se inclúen son as do mesmo grupo e categoría**. Non podemos estar **de acordo con este criterio**, en tanto que o que **se debe aplicar é o literal da disposición adicional oitava** e si se se produce unha “**subrogación tácita**”, debe convocarse a **praza de última ocupación do persoal**.
  - Consideramos que **non pode ser problema económico**, en tanto que se trata de prazas creadas en RPT e polo tanto con **consignación orzamentaria**.
  - Máis aínda non se entende o **compromiso de levalas á Oferta de Emprego ordinaria** do 2022, e que se desenvolvan os seus procesos polo sistema de **concurso-oposición** a semellanza dos do artigo 2 da Lei 20, **non ten sentido adiar a solución** cando a propia Lei xa a faculta a través das disposicións adicionais.

## Resposta do Director ás intervencións das OOSS:

- Van a remitir algún **buzón máis específico desagregando algunhas categorías**, co fin de intentar aclarar un pouco máis o que parece xerou confusións. Aclarando as prazas que quedaron desertas en procesos xa rematados ou que están na súa fase final, e si están incluídas.
- A categoría de **Condutor motobomba e outras 3 máis** non poden incluírse no buzón, porque están **convocadas con anterioridade á aprobación da Lei**, non son prazas de estabilización.
- **SEAGA:**
  - o Tema complexo, **non hai ningún ánimo de non sacar as prazas, ou de diminuír ningunha praza**, nin por parte de Medio Rural nin por parte de FP.
  - o Teñen a **listaxe das prazas que pasaron no seu momento** e xuridicamente lles parece que non se pode entender que exista unha subrogación e polo tanto que se poda aplicar os criterios da adicional oitava, de todas formas **van a revisar os criterios solicitando informe á Asesoría Xurídica**. Si este informe indicase que existe unha subrogación aplicaríanse as citadas disposicións sen problema.
  - o Atenderán ao exposto na reunión e analizarán si procede ou non a súa inclusión.
- **Encomendas do CGSIB:**
  - o Entenden que deben estar incluídas pola **adicional oitava**, en tanto que son as persoas as que van cambiando de unha praza a outra, consideran que cumpren o criterio da adicional oitava.
- **Remitirase outro buzón específico sobre as alegacións presentadas polas OOSS**, no que aparecerá a súa admisión ou inadmisión coa causa da mesma. Insta a que se revise por si houbera algunha praza na que se puidera cometer erro co fin de ser analizado de novo e subsanado si é o caso.